- f. No caso de aplicar produtos tóxicos ou moi tóxicos, deberá solicitarse a dilixencia de apertura do Libro oficial de movemento de produtos fitosanitarios informatizado, conforme o modelo que figura no anexo IV do decreto; excepcionalmente, admitirase o Libro oficial de movemento de produtos fitosanitarios en soporte papel.
- g. A relación da maquinaria dispoñible para a aplicación de tratamentos e o certificado de inspección daquelas emitido por un centro oficial ou recoñecido de conformidade coas disposicións vixentes na materia.
- h. O xustificante do ingreso da taxa correspondente.

4.5.3. Documentación para a inscrición na sección de establecementos

No artigo 6 do Decreto 100/2012 obrígase á inscrición no rexistro oficial, na sección de establecementos das empresas cuxa capacidade de almacenamento supera o indicado no anexo II, que deseguido reproducimos:

“Cantidades máximas de produtos que se poden almacenar para uso na propia explotación sen necesidade de inscribirse no Rexistro Oficial de Establecementos e Servizos de Produtos Fitosanitarios

Estas cantidades máximas están establecidas segundo a clasificación toxicolóxica dos produtos. Non se inclúe almacenamento de sustancias que sexan ou xeren gases clasificados como tóxicos, ou moi tóxicos.

- A) Cantidades máximas que poden ser almacenadas para uso na propia explotación sen necesidade de declarar a existencia do almacén (uso reducido):*
- a. Substancias da clase Xn, nocivos: ata 1.000 quilos ou litros.*
 - b. Substancias da clase T, tóxicos: ata 250 quilos o litros.*
 - c. Substancias da clase T+, moi tóxicos: ata 50 quilos ou litros.*
- B) Cantidades máximas que poden ser almacenadas para uso na propia explotación, coa obriga de declarar a existencia do almacén (uso reducido): sustancias da clase Xn, nocivos:*
- a. Dende 1.000 quilos ou litros ata 5.000 quilos ou litros.*
 - b. Substancias da clase T, tóxicos: desde 250 quilos ou litros ata 1.250 quilos ou litros.*
 - c. Substancias da clase T+, moi tóxicos: desde 50 quilos ou litros ata 250 quilos ou litros.*
- C) Declaración do almacén: para o almacenamento de produtos fitosanitarios, xunto coa declaración das existencias do almacén, enviarase a seguinte documentación:*
- a. Plano de situación do almacén, con indicación de accesos (estradas, camiños, punto quilométrico, etc.), termo municipal, polígono e parcela.*
 - b. Plano do establecemento con indicación de súa distribución interior.*
 - c. Relación do persoal responsable do almacén.*
 - d. Orixinal ou copia compulsada do carné de manipulador e/ou aplicador.*
 - e. Descrición das actuacións do establecemento/empresa: actividade empresarial, base territorial, dispositivos e condicións de seguridade, instalacións, capacidade de almacenamento e medidas para evitar a contaminación.*
 - f. Enumeración de produtos previstos para ser almacenados ou comercializados e a súa clasificación toxicolóxica.*

Cando o almacén teña unhas dimensións de máis de 100 m2 e reúna uns requisitos adecuados de ventilación e capacidade de contención de vertidos, poderá ser obrigado a inscribirse no Rexistro independentemente das cantidades almacenadas, tras o informe da inspección en materia de sanidade vexetal.”

A documentación que se entregará é:

- a. A memoria técnico-descriptiva da actividade que se realizará.
- b. O proxecto da nave-almacén dos produtos fitosanitarios, ou ben, a súa memoria descriptiva asinada polo técnico competente, xunto cos planos de situación e de planta do almacén.
- c. A licenza municipal na que se indique expresamente a actividade para a que foi solicitada naqueles casos que, de conformidade co disposto no artigo 84.bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, a requiran.
- d. A fotocopia do NIF do presidente da Deputación, salvo que os interesados consintan expresamente á Consellería do Medio Rural e do Mar a consulta dos seus datos persoais a traveso do acceso telemático ao servizo horizontal de acceso ao sistema de verificación de datos de identidade do ministerio con competencias en administracións públicas, de conformidade co disposto no artigo 2.2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización dos medios electrónicos.
- e. Os datos do responsable técnico da actividade e dos seus auxiliares, ademais da acreditación de que estes posúen a capacitación necesaria de acordo coa normativa vixente ao respecto.
- f. A copia, se é o caso, do certificado ou resolución de inscrición doutros locais da mesma titularidade, inscritos noutro rexistro da mesma natureza noutras comunidades autónomas.
- g. A relación dos produtos fitosanitarios que se comercializarán no que se indique claramente o seu nome comercial, a materia activa, o número de rexistro do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e a súa clasificación de perigo segundo o Real decreto 255/2003.
- h. No caso de comercializar produtos tóxicos ou moi tóxicos, deberá solicitarse a dilixencia de apertura do Libro oficial de movemento de produtos fitosanitarios, informatizado conforme ao modelo que figura no anexo IV deste decreto; excepcionalmente, admitirase o Libro oficial de movemento de produtos fitosanitarios en soporte papel.
- i. O xustificante de colaborar con algún sistema de xestión para a eliminación dos envases baleiros de produtos fitosanitarios.
- j. O xustificante do ingreso da taxa correspondente.

4.6. CARACTERÍSTICAS DO LOCAL DE ALMACENAMENTO DE PRODUTOS.

No artigo 6 do Real decreto 3349/1983, do 30 de novembro, polo que se aproba a Regulamentación técnico-sanitaria para a fabricación, comercialización e utilización de praguicidas, defínense as características dos locais de almacenamento de praguicidas, que deseguido reproducimos:

“6.2 Os locais de almacenamento de praguicidas deberán cumprir as seguintes condicións:

6.2.1 Estarán construídos con materia non combustible e de características e orientacións tales que o seu interior estea protexido de temperaturas exteriores extremas e da humidade.

6.2.2 Estarán situados en lugares tales que eviten posibles inundacións e queden en todo caso afastados de cursos de auga.

6.2.3 Estarán dotados de ventilación, natural ou forzada, que teña saída exterior e en ningún caso a patios ou galerías de servizo interiores.

6.2.4 Estarán separadas por parede de obra de vivendas ou outros locais habitados.

6.2.5 No caso de que se vaian almacenar produtos clasificados como tóxicos ou inflamables, non poderán estar situados en plantas elevadas de edificios habitados.


6.2.6 En caso de que se vaian almacenar ou comercializarse produtos clasificados como moi tóxicos, deberán estar situados en áreas abertas e suficientemente afastados de edificios habitados e dotados de equipos de detección e de protección persoal adecuados.”

5. PODA

5.1. ORGANIZACIÓN DOS TRABALLOS

Preténdese a execución de traballos de poda de árbores e corte de acacias en toda a rede provincial mediante a utilización de gaiolas desprazadas con camión guindastre. Os equipos de retén realizarán estas tarefas.

5.2. SINALIZACIÓN DAS OBRAS



5.3. CONTROL DO GASTO

Nos partes de traballo diario indicaranse o número de árbores podadas ou a superficie de acacias cortadas, xunto co persoal e equipos utilizado.

6. ROZA

6.1. ORGANIZACIÓN DOS TRABALLOS



Preténdese a formación de equipos con dúas rozadoras, dous maquinistas e dous peóns sinalizando. Se descontamos os tempos de transporte e a media hora de descanso, deberían tratarse uns 5 km diarios por ambas as dúas marxes con dúas pasadas, o que supón unha velocidade de corta menor de 1,8 km/h.

Xa que na rede provincial existen 1.840 km de estradas e dispoñemos de 11 equipos de roza, os tempos

de corta será os reflectidos no seguinte cadro:

RENDEMENTO POR ROZADORA EN TRABALLOS EN PLANOS INCLINADOS

Horas de traballo diario tras o desprazamento e mantemento	5 horas.
Velocidade de traballo rozando	1 km/hora.
Lonxitude de estrada cunha pasada tratadas ambas marxes	2,5 km/día.

TEMPOS DE ROZA DE TODA A REDE PROVINCIAL EN PLANOS INCLINADOS

Lonxitude de estradas	1.840 km
Rendementos por equipo.....	2,5 km/día.
Número de equipos	11 equipos.
Días de roza necesarios con só unha pasada.....	67 días

RENDEMENTO POR ROZADORA EN TRABALLOS EN PLANOS HORIZONTAIS

Horas de traballo diario tralo desprazamento e mantemento	5 horas.
Velocidade de traballo rozando	1,8 km/hora.
Lonxitude de estrada cunha pasada tratadas ambas marxes	4,5 km/día.

TEMPOS DE ROZA DE TODA A REDE PROVINCIAL EN PLANOS HORIZONTAIS

Lonxitude de estradas	1.840 km.
Rendementos por equipo.....	4,5 km/día.
Número de equipos	11 equipos.
Días de roza necesarios con só dúas pasadas.....	75 días


Polo tanto, será necesario:

- I. Inicio dos traballos de roza en superficies inclinadas (unha soa pasada a ambas as dúas marxes) no mes de novembro para rematalos a finais de febreiro. Nestes casos, os equipos

de roza poden traballar cunha soa maquina e un sinalista. Necesítanse catro para o tratamento dos noiros dende novembro a febreiro, ambos os dous incluídos.

- II. Inicio dos traballos de roza en superficies horizontais (dúas pasadas en cada marxe da estrada) no mes de marzo para rematalos na primeira semana de xuño e proceder despois á aplicación de fitosanitarios dende o mes de maio co crecemento da vexetación. Sería desexable que estes equipos de roza se formaran con dúas máquinas cortadoras e dous legoeiros con sinais de man, deste xeito afórrase en persoal e desprazamentos e optimízanse as condicións de seguridade viaria. Necesítanse catro meses para este traballo dende marzo ata xuño ambos os dous incluídos.
- III. Por outra banda, deberán realizarse traballos de corta de maleza con pequenas máquinas de uso individual para o tratamento das zonas ás que non acceden os tractores, tales como: baixo biondas, xunto peitorís, beirarrúas, etc.
- IV. ***Os equipos de roza estarían ocupados 8 meses ao ano e poderían traballar 4 meses nas estradas dos concellos dende xullo a outubro, ambos os dous incluídos. A lonxitude total que se podería tratar é de uns 1.800 km en dúas pasadas horizontais.***

6.2. SINALIZACIÓN DAS OBRAS



Sinalización no sentido de avance da rozadora:

- 1) TS-860 panel indicando “OPERACIÓNS DE ROZA DE MALEZA”.
- 2) TR-301 con limitación 70 km/h.
- 3) TP-18 de obras
- 4) TS-810 con indicación 6 km de treito de perigo.
- 5) TR-5 de prioridade o sentido contrario.
- 6) TR-301 limitación 40 km/h.
- 7) TR-17 a estreitamento a esquerda (unha por máquina).
- 8) Ademais utilizarán sinalización luminosa.

Sinalización no sentido contrario ao de avance da rozadora:

- 1) TS-860 panel indicando “OPERACIÓNS DE ROZA DE MALEZA”.
- 2) TR-301 con limitación 70 km/h.
- 3) TP-18 de obras.
- 4) TS-810 con indicación 6 km de treito de perigo.
- 5) Ademais utilizarán sinalización luminosa.

Ademais deberán regular o tráfico dous

legoeiros, con emisora, permitido o paso alternativo de vehículos por sentido dadas as limitacións de ancho das estradas.

O panel complementario de indicación do tipo de operacións de mantemento será o reflectido seguidamente:



6.3. CONTROL DO GASTO

6.3.1. Estimación dos custos de aplicación

DETERMINACIÓN DOS CUSTOS DE ROZA (dúas pasadas plano horizontal)

Xornada de operador de rozadora.....	2	116,94	233,88 €
Xornada de legoeiro sinalista	2	110,64	221,28 €
Día de equipo de roza.....	2	140,60	281,20 €
Día de vehículo de transporte.....	1	8,60	8,60 €
Total			744,96 €

Lonxitude total rozada de estrada	4,5 km
Custo unitario por metro de vía (dúas pasadas).....	0,16554667 €/m
Custo para total en toda a rede en roza en plano horizontal	304.605,87 €

DETERMINACIÓN DOS CUSTOS DE ROZA (unha pasada plano inclinado)

Xornada de operador de rozadora.....	1	116,94	116,94 €
Xornada de legoeiro sinalista	1	110,64	110,64 €
Día de equipo de roza.....	1	140,60	140,60 €
Día de vehículo de transporte.....	1	8,60	8,60 €
Total			376,78 €

Lonxitude total rozada de estrada	2,5 km
Custo unitario por metro (unha pasada)	0,150712 €/m
Custo para total en toda a rede en roza en plano horizontal	277.310,08 €

6.3.2. Determinación dos custos reais traballando con medios propios

Os maquinistas deberán elaborar un parte de traballo no que se reflicte, non só as horas de traballo, a máquina empregada, senón a lonxitude de vía provincial rozada en ambas as dúas marxes.

EQUIPO DE ROZA Nº

DATA	HORA DE INICIO	HORA DE FINAL	HORAS DO ODÓMETRO	ESTRADA	PQ INICIAL ROZA	PQ FINAL ROZA	LITROS GASÓIL REPOSTADOS ROZADORAS	LITROS GASÓIL REPOSTADO: VEHÍCULOS

Deste xeito será posible o control de rendementos e consumos de combustible que xunto cos custos de reparacións permitirá calcular el total gastado por quilómetro rozado.

7. APLICACIÓN DE HERBICIDAS

7.1. ORGANIZACIÓN DOS TRABALLOS

Un vehículo, con só un condutor, equipado con depósito, bomba e pluma abatible con varios aspersores para a distribución do herbicida, será suficiente para a realización dos traballos.

A capacidade do depósito será a reflectida no seguinte cadro de acordo coa dotación de herbicida:

CÁLCULO DO GASTO DIARIO

Horas de traballo diarias descontado o desprazamento e preparación.....	5,5 horas.
Velocidade durante a aplicación do herbicida	7 km/hora.
Ancho da franxa tratada en cada marxe da vía	2 m.
Superficie tratada diaria	19,25 km.
Superficie tratada diaria	77.000 m2.
Dotación mestura herbicida	0,026 litros/m2.
Volume gastado diariamente	2,0097 m3./día
Lonxitude de estrada tratada con 1 m3 de herbicida	9.579 m.
Tempo de autonomía con 1 m3 de herbicida	2,74 horas.

CÁLCULO TEMPOS DUNHA APLICACIÓN NA REDE

Lonxitude da rede	1.840 km.
Velocidade durante a aplicación do herbicida	7 km/hora.
Número de vehículos aplicando herbicida	2 und.
Número de quendas diarias de aplicación	1 quend./día.
Días necesarios para a aplicación do herbicida	48 días.

Polo tanto deberíamos traballar, para tratar a metade da rede, con tres equipos formados por un vehículo aplicador cun condutor, pero en dúas quendas diarias. Serían necesarias nove semanas de traballo para cada aplicación.

Ademais, será recomendable a utilización dunha cisterna coa mestura de herbicida que subministre cada hora e media o produto a cada un dos aplicadores.

- I. Realizaríanse dúas aplicacións de herbicidas ao ano, unha ao inicio da primavera (maio-xullo) e outra ao finalizar o verán (setembro-outubro).
- II. *Para aplicacións nos concellos disporíamos de parte do mes de xullo e todo o de agosto. E poderíamos tratar cunha quenda de condutores uns 1000 km.***

En relación coas porcentaxes de mestura recomendamos:

- I. Caso de uso de Glifosato+Tordon+Mojante
 - a. Auga ----- 250 litros.
 - b. SPASOR PLUS ----- 9 litros.
 - c. TORDON 22K----- 1 litros.
 - d. OVISPRAY ----- 1 litros.

II. Caso de uso de Glifosato+Mojante

- a. Auga ----- 250 litros.
- b. SPASOR PLUS ----- 10 litros.
- c. OVISPRAY ----- 1 litros.

CONSUMO DIARIO DOS TRES COMPOÑENTES FITOSANITARIOS


Dotación de auga en litros por litro de mestura.....	0,95785 litro/litro
Dotación de SPASOR PLUS en litros por litro de mestura	0,03448 litro/litro
Dotación de TORDON 22 K en litros por litro de mestura	0,00383 litro/litro
Dotación de OVISPRAY en litros por litro de mestura	0,00383 litro/litro
Consumo total mestura por equipo cunha aplicación.....	2,00970 m3./día
Consumo de auga por equipo e día	1,92500 m3./día
Consumo total de SPASOR PLUS por equipo e día	69,30 litros/día
Consumo de TORDON 22K por equipo e día	7,70 litros/día
Consumo de OVISPRAY por equipo e día	7,70 litros/día
Consumo total fitosanitarios por equipo e día.....	84,70 litros/día
Número de equipos de aplicación de herbicidas	2,00
Quendas de aplicación de herbicidas	1,00
Consumo total de auga diario	3,850 m3/día
Consumo total de SPASOR PLUS (todos os equipos e quendas)	138,60 litros/día
Consumo de TORDON 22K (todos os equipos e quendas)	15,40 litros/día
Consumo de OVISPRAY (todos os equipos e quendas)	15,40 litros/día
Consumo total fitosanitarios por día (todos os equipos e quendas).....	169,40 litros/día
Consumo total de produtos fitosanitarios ano	8,131 m3/ano
Garrafas de 20 litros de SPASOR PLUS a subministrar primeiro día	7 und.
Garrafas de 5 litros de TORDON 22 K a subministrar primeiro día	4 und.
Garrafas de 5 litros de OVISPRAY a subministrar primeiro día	4 und.

CONSUMO DIARIO DE DOUS COMPOÑENTES FITOSANITARIOS

Dotación de auga en litros por litro de mestura.....	0,95785 litro/litro
Dotación de SPASOR PLUS en litros por litro de mestura	0,03831 litro/litro
Dotación de OVISPRAY en litros por litro de mestura	0,00383 litro/litro
Consumo total mestura por equipo cunha aplicación.....	2,00970 m3./día
Consumo de auga por equipo e día	1,92500 m3./día
Consumo total de SPASOR PLUS por equipo e día	77,00 litros/día
Consumo de OVISPRAY por equipo e día	7,70 litros/día
Consumo total fitosanitarios por equipo e día.....	84,70 litros/día
Número de equipos de aplicación de herbicidas	2,00
Quendas de aplicación de herbicidas	1,00
Consumo total de auga diario	3,850 m3/día
Consumo total de SPASOR PLUS (todos os equipos e quendas)	154,00 litros/día
Consumo de OVISPRAY (todos os equipos e quendas)	15,40 litros/día
Consumo total fitosanitarios por día (todos os equipos e quendas).....	169,40 litros/día
Consumo total de produtos fitosanitarios ano	8,131 m3/ano
Garrafas de 20 litros de SPASOR PLUS a subministrar primeiro día	8 und.
Garrafas de 5 litros de OVISPRAY a subministrar primeiro día	4 und.

7.2. SINALIZACIÓN DAS OBRAS

Sinalización:



- 1) TP-18 de obras
- 2) TP-18 de obras
- 3) Ademais utilizarán sinalización luminosa

7.3. CONTROL DO GASTO

7.3.1. Estimación dos custos de aplicación

CUSTOS TRABALLANDO CON TRES PRODUTOS FITOSANITARIOS

Lonxitude tratada nun día cun equipo	19,25 Km./día
Consumo diario e por equipo da auga.....	1,93 m3./día.
Consumo diario e por equipo do herbicida SPASOR PLUS.....	69,30 litros/día
Consumo diario e por equipo do herbicida TORDON 22 K	7,70 litros/día
Consumo diario e por equipo do mollante OVISPRAY	7,70 litros/día
Prezo unitario da auga	1,00 €/m3.
Prezo unitario do herbicida SPASOR PLUS	5,69 €/litro
Prezo unitario do herbicida TORDON 22 K	41,14 €/litro
Prezo unitario do mollante OVISPRAY	4,84 €/litro
Custo diario do condutor-aplicador	116,94 €/día
Custo diario de funcionamento do vehículo aplicador	2,68 €/día
Custo diario de auga	1,93 €/día
Custo diario de produtos fitosanitarios	748,16 €/día
Custo terceira parte alxibe	44,09 €/día
Custo total	913,78 €/día
Custo estimado de aplicación por metro	0,0475 €/m.
Custe estimado de aplicación a toda a rede de estradas	87.344 €.
Custo total dos herbicidas para a toda rede	71.512 €.
Superficie total a tratar	736 Hectáreas
Consumo total estimado do SPASOR PLUS	6.624 litros
Consumo total estimado do TORDON 22 K	736 litros
Consumo total estimado do OVISPRAY	736 litros
Costo total estimado do SPASOR PLUS	37.671 €.
Costo total estimado do TORDON 22 K.....	30.279 €.
Costo total estimado do OVISPRAY.....	3.562 €.

CUSTOS TRABALLANDO CON DOUS PRODUTOS FITOSANITARIOS

Lonxitude tratada nun día cun equipo	19,25 Km./día
Consumo diario e por equipo da auga.....	1,93 m3./día.
Consumo diario e por equipo do herbicida SPASOR PLUS.....	77,00 litros/día
Consumo diario e por equipo do mojante OVISPRAY	7,70 litros/día
Prezo unitario da auga	1,00 €/m3.
Prezo unitario do herbicida SPASOR PLUS	5,69 €/litro
Prezo unitario do mollante OVISPRAY	4,84 €/litro
Custo diario do condutor-aplicador	116,94 €/día
Custo diario de funcionamento do vehículo aplicador	2,68 €/día
Custe diario de auga	1,93 €/día
Custo diario de produtos fitosanitarios	475,17 €/día
Custo terceira parte alxibe	44,09 €/día
Custo total	640,80 €/día
Custo estimado de aplicación por metro	0,0333 €/m.
Custo estimado de aplicación a toda a rede de estradas	61.250 €.
Custo total dos herbicidas para a toda rede	45.419 €.
Superficie de aplicación de herbicidas	736 Hectáreas
Consumo total de SPASOR PLUS	7360 litros
Consumo total de OVISPRAY	736 litros
Costo total de SPASOR PLUS	41.856 €
Costo total de OVISPRAY.....	3.562 €

7.3.2. Determinación dos custos reais traballando con medios propios

EQUIPO DE HERBICIDAS Nº

DATA	HORA DE INICIO	HORA DE FINAL	ESTRADA	PQ INICIAL	PQ FINAL	LITROS HERBICIDA	LITROS MOLLANTE	LITROS GASÓIL REPOSTADOS VEHÍCULOS

Con esta información poderemos coñecer os tempos de persoal, os consumos de produto e de combustible, xunto coa información das reparacións do vehículo poderemos determinar o gasto total.

8. FICHA RESUMO DE BOAS PRÁCTICAS

IMPACTOS	BOAS PRÁCTICAS
ACUACIONES PRELIMINARES	
Varios	• Todo o persoal que sexa designado para esta tarefa, coa colaboración do Negociado de Formación, facilitaráselle os coñecementos necesarios e os carnés pertinentes, segundo a lexislación vixente. • Solicitarase a Xunta a inscrición no rexistro de establecementos. • En todo momento revisaranse meticulosamente as condicións climatolóxicas existentes, a través da Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET). Establécese, como protocolo de actuación previo, suspender todo tipo de actividade con ventos superiores ós 20 Km/h e con probabilidades de choiva do 50 %. E queda terminantemente prohibido aplicar herbicida en calquera caso de choiva. • A Deputación tratará de informar sobre os efectos globais a todos os axentes sociais implicados e ó público en xeral, mediante campañas de sensibilización e a organización dunha “Xornada sobre a xestión da biomasa nas estradas”. • Darase información detallada e con antelación ós Concellos onde se vaia aplicar herbicida para o seu coñecemento e/o traslado ós seus habitantes, sobre as estradas de aplicación, do tempo e data de traballo, persoas de contacto, produtos e dosificacións utilizadas, etc. • Dentro da provincia de Ourense, terase unha consideración especial coas estradas provinciais que discorran dentro das áreas de Denominación de Orixe Vitivinícolas: Ribeiro, Monterrei, Ribeira Sacra y Valdeorras. • Tamén se aplicará a mesma consideración especial ós espazos naturais protexidos da Provincia de Ourense. • Queda terminantemente prohibido a aplicación de herbicidas nas estradas que linden con explotacións agrogandeiras de carácter ecolóxico. • Nas travesías de núcleos de poboacións, a aplicación de herbicidas reducirase sómente ás xuntas de lousas, de bordos ou baixo as barreiras de seguridade e os sinais. • Por sensibilización coa poboación, quedarán exentas de aplicación as estradas próximas a zonas escolares, parques e xardíns. • Na aplicación de herbicida deberá establecerse unha zona de seguridade de 20 metros en arroyos. • O produto a utilizar terá GLIFOSATO, e estará no rexistro de produtos autorizados pola administración central. • Será prioritario actuar sobre foxos e beiravías, terrapléns e noiros.

IMPACTOS	BOAS PRÁCTICAS
AFECCIÓN Á FLORA E Á FAUNA	
• Eliminación innecesaria de vexetación nos traballos de poda, roza e tratamento con herbicidas. • Danos na fauna polo uso de herbicidas nas marxees. • Destrución de niños, galerías e outras zonas de cría dos animais.	• Realizar as podas en épocas adecuadas e nunca realizar decotas aplicando a regra do terzo. • As podas e cortas, en espazos nos que nidifican as aves, realízalas fóra das épocas reprodutivas. • Comprobar a existencia de niños e se é necesario realizar o seu traslado. • Retirar das marxes os restos da poda, eliminando así masa facilmente queimable e mellorando a imaxe da estrada. • Restaurar as zonas en terra mediante plantacións con especies autóctonas de pouco mantemento e adaptadas ás condicións do solo e clima local. • Comprobar a vexetación existente e eliminar aquelas especies vexetais contempladas no Decreto autonómico 3/2007, de protección contra incendios. • Limitar a superficie de aplicación dos fitosanitarios a plataforma e gabias, coa excepción de especies invasoras. • Non aplicar fitosanitarios en condicións climatolóxicas adversas de choiva ou vento. Esperar a que mellore a situación atmosférica. • Evitar a aplicación directa de herbicidas en zonas con acumulación de auga como charcas, encoros, etc.
AFECCIÓN AO SOLO	
• Vertido de herbicidas. • Vertido de produtos con orixe na maquinaria. • Perda do manto orgánico na retirada de vexetación	• Encher sempre o depósito de herbicidas nas zonas acondicionadas, utilizando cubetos de retención. • En caso de derrame de herbicida utilizar material absorbente e actuar con celeridade. • Utilizar produtos fitosanitarios específicos e de baixa persistencia. • Non aplicar fitosanitarios en condicións climatolóxicas adversas de choiva ou vento. Esperar a que mellore a situación atmosférica. • Extremar o coidado nas operacións de limpeza de equipos específicos.
AFECCIÓN Á ATMOSFERA	
• Gases de combustión dos vehículos e maquinaria. • Po xerado nos traballos coa maquinaria. • Ruído dos motores dos equipos	• Establecer con antelación rutas para aforrar desprazamentos e consumos de combustible. • Concienciar os operarios da necesidade de realizar unha condución eficiente e do bo uso das máquinas, vehículos e equipos. • Revisión e bo mantemento dos vehículos, máquinas e demais equipos, cunha especial vixilancia da emisión de gases e fumes dos tubos de escape. • Non deixar os motores ao ralenti e desconectalos cando non se usen. • Evitar o limitar a formación de po durante os traballos, utilizando medios de rega se fose necesario.

IMPACTOS	BOAS PRÁCTICAS
OUTRAS AFECCIÓNS	
- Residuos con perigo como os dos envases de produtos fitosanitarios ou do material absorbente en caso de derrames. - Residuos sen perigo das podas.	- Nomear un responsable dos residuos. - Dispoñer dunha zona de almacenamento axeitada. - Xestionar os residuos da poda e roza, utilizando trituradores cando sexa necesario polo volume xerado. - Realizar unha separación selectiva de residuos.

9. PROPOSTA DE ACTUACIÓN PARA O ANO 2013

9.1. OFERTAS AOS CONCELLOS

9.1.1. Subministración de herbicidas

Damos uns prezos de referencia:

Prezo unitario do herbicida SPASOR PLUS	6,00 €/litro
Prezo unitario do herbicida TARDON 22 K	76,00 €/litro
Prezo unitario do mollante OVISPRAY	5.00 €/litro

9.1.2. Rozado con medios mecánicos

A Deputación dispón de medios propios para executar un único rozado con tres pasadas cada ano en cada marxe (2,4 m. a cada lado). Pero se pretendemos prestar este servizo aos concellos, podemos conseguir **prezos de contrata para roza con dúas pasadas a 0,20-0,35 euros por metro lineal de vía e ambas as marxes**. Este prezo variará en función da lonxitude de roza contratada.

9.1.3. Aplicación de herbicidas

A Deputación disporá de tres vehículos para a aplicación de herbicidas, o que lle permitirá tratar uns 600 km de estrada. Se pretendemos prestar este servizo aos concellos, podemos conseguir **prezos de aplicación de herbicida a 0,08 euros por metro lineal de vía e ambas as marxes**. Este prezo mellorase se a lonxitude de tratamento é importante. Ademais, as empresas deberán contar con seguro de responsabilidade.

Cunha campaña de rozado e unha de aplicación de herbicidas pódense manter en condicións aceptables as marxes das vías (puntualmente sería necesaria a aplicación de fitosanitarios de reforzo), e o custo total sería de 0,28-0,43 euros por metro. Para un concello con 50 km de vías, supón un gasto total entre os 14.000,00 – 21.500,00 euros ao ano.

9.2. TRABALLOS CON MEDIOS PROPIOS

9.2.1. Rozado mecánico

A Deputación dispón de medios propios para executar un único rozado nos 1.840 km de rede con tres pasadas, en cada marxe, e cada ano cun custo estimado de 0,32 €/ml (incluído persoal, reparacións, rodas e combustible), con tres pasadas en cada marxe. Estarían ocupados estes medios durante oito meses ao ano.

9.2.2. Aplicación de herbicidas

A Deputación dispón de medios propios (trala preparación dun segundo vehículo para a aplicación de herbicidas) para a aplicación en 1840 km de rede (en dous metros de ancho en ambas as marxes) cada ano cun custo estimado de 0,05 €/ml (incluído persoal, reparacións, rodas, herbicidas, auga e combustible). O custo estimado de compra de herbicidas é de 72.000 euros.

9.2.3. Contratación de servizos externos

Propoñemos a contratación de servizos externos de aplicación de fitosanitarios (36.000,00 €) para o que o persoal da Deputación que realizará a aplicación controle e vexa a realidade dunha aplicación.

